



Encontre a súa información...

Familias

Alumnado

Profesorado

Centros

Empresas

Construccións e
melloras

Inicio

A Consellería de Educación inviste máis de 800.000 euros na ampliación do IES Monte Neme (Carballo)

- Construirase un novo volume para albergar as aulas dos ciclos de formación profesional da familia de Administración e xestión

Escoitar



Mér, 28/06/2017 - 13:04

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica hoxe no Diario Oficial de Galicia, no enlace https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170628/AnuncioG0164-220617-0004_g1.html, a licitación da obra de reforma e ampliación do IES Monte Neme de Carballo, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020; uns traballos que teñen como obxectivo dar resposta á matrícula crecente deste centro educativo. O orzamento previsto ascende a 825.902,38 euros, cun prazo de execución de 8 meses, polo que se prevé que as obras estean rematadas para o inicio do curso 2018/19.

A obra consistirá na construcción dun novo volume que albergue as aulas dos ciclos de formación profesional da familia de Administración e xestión. Isto permitirá a localización das diferentes ensinanzas que o IES oferta en espazos diferentes, con cada familia profesional –tamén se imparten ciclos da de Electricidade e electrónica- nun edificio independente, e as aulas de ESO e Bacharelato no edificio principal do centro. As novas instalacións terán unha superficie útil de 503 metros cadrados, divididos en 4 aulas, aseos, sala de profesores, corredores e espazos de servizos.

Ademais, actuarse sobre os outros dous edificios, de tal forma que no principal se ampliará a biblioteca e realizaranse novas aulas de música, tecnoloxía e plástica. No caso do outro volume de FP, dotarase de novo equipamento o taller de fontanería e reformaranse os canlóns e os lucernarios.

Cómpre salientar que desde o curso 2009/10 a matrícula en FP neste instituto tense incrementado en case un 40%, e que o centro supera os 500 matriculados entre todas as ensinanzas que imparte.



IMPRIMIR



RECOMENDAR



Tweet



Gústame 0

Departamento

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Colectivo

Centros